

XXX

Reclamante: XXX
Expediente. Nº **RSCTG 267/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 15 de novembro de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15 de novembro de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de acceso aos datos estatísticos correspondentes ás Probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade realizadas durante o mes de xuño de 2023 na Comunidade Autónoma de Galicia en determinados centros, desagregada por materias académicas.

A reclamante indicaba que solicitou a dita información á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e que previamente solicitou a dita información á Comisión interuniversitaria de Galicia (CIUG) e lle indicaron que debía solicitalo á Consellería.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 17 de novembro de 2023 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 27 de novembro de 2023, a interesada remite escrito no que comunica que nesa data, accedeu á notificación da resolución da Consellería de Educación, pola cal se inadmite a súa solicitude de acceso á información pública demandada, na que se lle comunica que o órgano competente para facilitar estes datos é a Comisión interuniversitaria de Galicia (CIUG), a quen lle solicitou a información dende o primeiro momento, e quen lle informou a través de e-mail que debía presentar a solicitude ante a Consellería de Educación.

A interesada remite copia da resolución de inadmisión emitida pola Consellería, e do xustificante de acceso ao seu contido.

Cuarto.- Con data do 29 de novembro de 2023, remitíuselle o escrito presentado pola interesada á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que se tivese en conta a na emisión do informe solicitado a esa Consellería sobre a reclamación RSCTG 267/2023.

Quinto.- Con data do 5 de decembro de 2023 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades contesta a petición remitindo oficio no que comunica que con data do 24 de novembro de 2023, emitiuse unha resolución de inadmisión de acceso á información á interesada, que foille notificada o mesmo día e recepcionada pola reclamante o 27 de novembro de 2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo establecido polo artigo 27.4 da Lei 1/2016, pero ditou resolución expresa con data posterior á da presentación da reclamación ante a Comisión pola reclamante, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A interesada solicitou á Consellería competente en materia de Educación, acceso aos datos estatísticos correspondentes ás probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade realizadas durante o mes de xuño de 2023 na Comunidade Autónoma de Galicia en determinados centros, desagregada por materias académicas.

A Consellería, se ben non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, ditou resolución expresa que notificou á persoa solicitante con posterioridade a que este presentara reclamación ante esta Comisión. Na dita resolución, se ben a inadmite por que o tratamento dos datos solicitados non corresponde ao ámbito da Consellería, senón que é un tratamento propio da Comisión interuniversitaria de Galicia (CIUG), dado que é o responsable do tratamento xa que é o que decide os fins do tratamento, a Consellería remitirá a solicitude de información pública á CIUG para a resolución pola súa parte.

De acordo co anterior, procede estimar por motivos formais a presente reclamación, e sen prexuízo de que si a reclamante estímao conveniente, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á resolución que no seu momento se dite pola CIUG, para que na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, pronunciándose a resolución que corresponda, ou ben presentar reclamación ante esta Comisión contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude, no caso de que se produza.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión de Transparencia

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por XXX con data do 15 de novembro de 2023, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de acceso aos datos estatísticos correspondentes ás Probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade realizadas durante o mes de xuño de 2023 na Comunidade Autónoma de Galicia en determinados centros, desagregada por materias académicas.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.